



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 27 DE FEBREIRO DE 2015

Ás 9.36 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. Xosé Luís Armesto Barbeito, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Escusan a súa ausencia Antía Pérez Caramés, Manuel-Reyes García Hurtado, Gustavo Rego Veiga e Fernando Agrasar Quiroga.

Tras a comprobación do quórum legal necesario para realizar a sesión, o reitor abre esta e dá paso ao primeiro punto da orde do día.

1. Informe do reitor

O **reitor** informa da realización dunha CRUE o pasado 2 de febreiro, como consecuencia da aprobación e posterior publicación no BOE do 3 de febreiro do Real decreto 43/2015, do 2 de febreiro, máis coñecido como o Real decreto do 3+2. A CRUE aprobou case por unanimidade (cinco abstencións e un voto en contra, dos cincuenta e sete reitores presentes) unha moratoria activa na aplicación desta norma, de modo que non se someta a avaliación un grao de tres anos polo menos até o curso 2016-2017. A moratoria activa pasa pola realización dunha serie de actividades de análise e reflexión. O primeiro acto, neste sentido, foi organizado pola CRUE o pasado 16 de febreiro en Madrid, onde tivo lugar un seminario de traballo de alto nivel para reflexionar sobre as implicacións deste Real decreto.

Na reunión posterior que houbo entre as tres universidades e o conselleiro de Educación, este transmitiu a idea de que a Xunta fará o que soliciten as universidades.

O pasado día 19 de febreiro tivo lugar un Consejo de Universidades en Madrid, a que xa se incorporou o novo secretario xeral de Universidades, en substitución de Federico Morán, que retorna á Universidade Complutense de Madrid. O novo secretario xeral de universidades é Juan María Vázquez Rojas, anterior director xeral de Investigación Científica e Técnica do MINECO. Emitiuse un informe favorable, entre outros asuntos, á orde que desenvolve o RD 967/2014 sobre solicitude de homologación de título estranxeiro de educación superior a un título oficial universitario español. Tamén se aprobou un informe favorable á equivalencia a nivel 3 de MECES dos títulos de enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e enxeñeiro en



Informática, e a nivel 2 dos títulos de enxeñeiro técnico en Informática de Xestión e enxeñeiro técnico en Informática de Sistemas.

Tamén informa de que dentro do ciclo de conferencias “A Universidade Posible”, o vindeiro día 5 de marzo, ás 12:00 h, terá lugar na Facultade de Ciencias da Educación a conferencia de Victoria Camps “A universidade necesaria”. Lembra tamén que o 16 de marzo terá lugar o acto de investidura honoris causa do profesor Michael Apple.

Tamén informa de que, con toda probabilidade, o vindeiro luns, o profesor Enrique Martínez Ansemil será proclamado candidato a valedor universitario. A votación terá lugar, como xa foi anunciado, no Claustro do vindeiro día 25 de marzo, cuxa convocatoria será notificada aos claustrais a semana próxima.

A continuación, o reitor cédelle a palabra ao **vice-reitor de Investigación e Transferencia**, quen dá conta, en primeiro lugar, do recente informe favorable emitido polo “Instituto de Salud Carlos III” para a acreditación do Instituto de Investigación Biomédica da Coruña (INIBIC) como instituto de investigación sanitaria por parte da “Secretaría de Estado de Investigación, Desarrollo e Innovación” do MINECO. O vice-reitor tamén informa da publicación da convocatoria de axudas de investigación da UDC, da publicación da convocatoria de avaliación plurianual dos grupos, unidades e investigadores/as do catálogo da UDC para o ano 2015, do fin de prazo da convocatoria Retos Colaboración do MINECO e da recente publicación da convocatoria de axudas para unidades mixtas de investigación da Axencia Galega de Innovación. Así mesmo, informa da resolución da convocatoria NILS, da única proposta presentada no prazo habilitado para declaracións de intencións de novos programas de doutoramento para o curso 2016-2017, da modificación puntual acordada pola Comisión de Investigación do Regulamento de recoñecemento de grupos de investigación do catálogo e da presentación do Instituto Español de Matemáticas, en que participa a UDC.

O **vice-reitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías** informa de que o 29 de xaneiro, coincidindo co Consello de Goberno dese día, houbo unha reunión coa Consellaría sobre o número de alumnos dos mestrados de cara á oferta do curso 2015-2016. Nela discutíronse os criterios para fixar a oferta de prazas. Os representantes da UDC saíran desta reunión coa convicción de que só habería problemas con dous títulos de mestrado. Porén, sen posterior aviso, onte día 26 saíu no DOG a Resolución do 12 de febreiro de 2015, da Secretaría Xeral de Universidades, pola que se dá publicidade á relación de mestrados universitarios que non poderán formar parte da oferta de titulacións oficiais universitarias do sistema universitario de Galicia para o curso



2015/2016, e nela, sorprendentemente, incluíronse dous mestrados internacionais: o Mestrado Universitario en Bioloxía Molecular, Celular e Xenética, e o Mestrado Universitario en Migracións Internacionais: Investigación, Políticas Migratorias e Mediación Intercultural. Estase tratando de obter explicacións da Xunta sobre este presunto erro e adoptaranse todas as medidas necesarias para defender a nosa oferta destes mestrados internacionais no vindeiro curso, especialmente tendo en conta que están comprometidos por convenios con universidades estranxeiras.

A vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas informa de que na Comisión de Asuntos Económicos do 18 de febreiro se validaron expedientes de gasto e se imputaron ao presente exercicio por un valor total de 8736,64 € do expediente C-0002-15 de data 13-02-15.

Informa tamén de que na reunión da Xunta de Goberno do Concello da Coruña do 6 de febreiro, o Goberno local aprobou conceder a licenza para obra do CITEEC. A pesar de que tiñamos constancia extraoficial, como todos os aquí presentes, a comunicación oficial chegou a esta vicerreitoría a pasada semana. A partir dese momento puxémonos en contacto coa construtora para comunicarllo e coa dirección de obra para que se puxesen en contacto con Dragados para requirirlles que aboem as taxas correspondentes, presenten o plan de traballo e comecen coa maior celeridade posible que, segundo os prazos establecidos, non debería ser máis tarde da semana que vén. Paralelamente, esta semana mantivéronse reunións co CITEEC para coordinar da mellor maneira posible a actividade do CITEEC coa execución da obra, e así acusar os menores trastornos posibles a investigadores e PAS, e para que procedan a recoller o material que aínda ten o CITEEC no espazo da obra.

A vicerreitora de Estudantes, Deportes e Cultura informa de que rematou o prazo de presentación para as bolsas de prácticas do programa Santander CRUE Cepyme con 1192 solicitudes para as 92 prazas asignadas á UDC. Tamén no ámbito da mellora da empregabilidade, a UDC integrouse no programa Yuzz destinado a fomentar o emprendemento da xente nova entre 18 e 30 anos. Presentáronse 85 proxectos de creación de empresa de base tecnolóxica dos que se seleccionarán 20. Así mesmo, informa de que no marco do 25 aniversario estase a preparar un encontro entre alumnos antigos e actuais que terá lugar o sábado 14 de marzo. Agradécelles ás direccións dos centros a súa implicación para propoñer os contactos cos egresados. Hai 51 antigos alumnos de todas as titulacións que teñen confirmada a súa asistencia. Nestes momentos e ata o 9 de marzo pódense inscribir os alumnos actuais e solicita a colaboración de todos para animar a participar o estudiantado. Informa tamén da inauguración o luns, día 2, ás 20:00 horas, do novo



proxecto de intervención de NORMAL, Microfísica do debuxo. Por fin, din que, en cumprimento da solicitude formulada polos representantes do estudantado, se considerou a posibilidade de ampliar o material corporativo na tenda en liña, mais, de momento, non se ve moi viable e que se están a considerar outras canles.

A **vice-reitora de Relacións Internacionais e Cooperación** informa da publicación no día de hoxe da Convocatoria de internacionalización da UDC, cun orzamento de 40 000 € que, ás tres accións que se convocaron o ano pasado (axudas para elaboración de proxectos Erasmus+, para a negociación de convenios de duplas titulacións e axudas específicas para docentes de inglés), incorpora unha nova acción para realizar cursos da ISS no estranxeiro. Informa tamén de que a UDC, a través da Facultade de Ciencias da Educación, participará na *"I Convocatoria de la Fundación para la Proyección Internacional de las Universidades Españolas- Universidad.es, dirigida a las universidades españolas para participar en el Programa de Maestrías en Formación del Profesorado, destinado a docentes ecuatorianos"* no curso 2015-2016. A vice-reitora agradece especialmente á decana da Facultade de Educación, e a todo o profesorado do centro, o traballo realizado nun tempo récord para chegar á elaboración desta proposta, en que agardamos teñamos éxito.

Finalmente, a UDC recibiu hai dúas semanas os alumnos internacionais deste segundo semestre. As cifras expresan un importante incremento na recepción de estudantes estranxeiros pola UDC, moito máis acusado nas titulacións en que se imparte docencia en inglés (especialmente en ADE, Filoloxía, Arquitectura e Dereito). Dos 463 estudantes de grao que viñeron no curso 2013/2014, pásase no curso 2014/2015 a 551 alumnos internacionais.

A **vice-reitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social** informa de que, con motivo do Día Internacional da Muller, o día 8 de marzo, a OIX organizou un programa de actividades que comezaron xa esta semana na Coruña cun curso da Aula de Formación para a Igualdade de Xénero destinado ao estudantado e en Ferrol coas xornadas "Educando en Igualdade" coorganizadas co Concello e coa colaboración da Oficina do Valedor do Pobo. Pódese consultar o programa completo de actividades na páxina web da UDC.

O pasado venres inaugurouse na Facultade de CC da Educación o 1.º Feminario da UDC organizado polo CEXeF. Gustaríame sinalar o éxito desta convocatoria que nace con vocación de continuidade e na que participaron máis de 200 persoas.



Mañá, o campus de Esteiro acollerá o torneo autonómico da Liga Lego. Trátase dun programa internacional que promove a ciencia e a tecnoloxía entre estudantes preuniversitarios. Esta actividade realízase coa colaboración da Facultade de Informática, a Escola Universitaria Politécnica e a Escola Politécnica Superior e enmárcase dentro das accións destinadas a promocionar as titulacións do ámbito tecnolóxico.

O **xerente** informa de que, de acordo cos preavisos presentados polas centrais sindicais, o vindeiro venres 6 de marzo se inicia o proceso de eleccións sindicais de PDI e de PAS coa constitución das correspondentes Mesas. A votación terá lugar o día 6 de maio próximo.

Dáse conta tamén das instrucións ditadas recentemente para adaptar a imputación dos gastos de mantemento (concepto 227) e de axudas de custo aos requirimentos da contabilidade analítica e criterios de xustificación de proxectos por parte das entidades financiadoras.

Finalmente, sinalar que terán lugar na nosa Universidade as XXXIII Xornadas de Xerencia Universitaria durante os días 30 de setembro e 1 e 2 de outubro deste ano, segundo a programación aprobada a pasada semana pola correspondente sectorial da CRUE, e que xirarán arredor do financiamento do sistema universitario español.

2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 29 de xaneiro de 2015

Sométese á aprobación do Consello o borrador da acta da sesión ordinaria do 29 de xaneiro.

A acta é aprobada por asentimento.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo III**, que se clasifican nesta ocasión en dous (2) convenios marco, catorce convenios específicos (14), e setenta e catro convenios para prácticas (74) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

A listaxe apróbase por asentimento.



4. Proposta de convocatoria de prazas de PDI contratado polo procedemento de urxencia

O reitor asume os puntos do vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente, que escusou a súa asistencia.

O reitor dá conta da convocatoria polo procedemento de urxencia de dúas prazas de contratado laboral temporal: unha praza de CIS P06 para a área de Economía Aplicada, durante o período que dure a IT do profesor Iván López Martínez; e unha praza de asociado P03 para a área de Otorrinolaringoloxía por xubilación por incapacidade de Adolfo Sarandeses. Ambas as prazas contan con autorización da Xunta de Galicia. Sinala o reitor que está pendente de convocatoria outra praza de CIS P06 para a área de Economía Aplicada, por IT da profesora Carlota Rey, que non está aínda autorizada pola Xunta de Galicia.

Sen producirse intervencións, o punto apróbase por asentimento e incorpórase como **anexo IV** á acta da sesión.

5. Proposta de cambio de dedicación para o curso académico 2014/2015

Continúa no uso da palabra o reitor, quen solicita autorización para o cambio de dedicación de P03 a P06 da praza de profesora asociada ocupada por Leire Lodeiro Fernández, área de Radioloxía e Medicina Física.

Sen producirse intervencións, o punto apróbase por asentimento e incorpórase como **anexo V** á acta da sesión.

6. Proposta de execución da oferta pública de emprego (OPE) correspondente ao ano 2015

O reitor expón que, unha vez autorizada pola Xunta de Galicia a proposta de OPE 2015 proposta polo Consello de Goberno do 29 de xaneiro, trátase de regular a determinación das 2 prazas de catedrático de universidade e das áreas de coñecemento en que se convoquen as 6 prazas de contratado doutor para a estabilización de axudantes doutores e investigadores do programa Isidro Parga Pondal.

Para tal efecto, o reitor parte de que calquera proposta é discutible, mais subliña que a proposta foi aprobada tras a súa negociación na mesa sindical e na COAP.



Ábrese unha quenda de intervencións.

Miguel Muñoz Cantero está de acordo cos criterios fixados, mais expón dúas dúbidas: sobre o ano de acreditación, e sobre os criterios da antigüidade na Universidade da Coruña. Considera que debería ser a partir da figura de titular de universidade. Tamén lle gustaría saber por que non se recoñece o criterio de paridade de xénero.

María Jesús Lorenzo Modia solicita aclaración sobre a data de acreditación dunha praza de artes e humanidades. O reitor confirma que é de 2011.

Manuel Casteleiro lembra que este punto levou moito tempo na COAP. Comenta que a el tamén lle chamou a atención que non houberse criterios académicos, mais coñecéndose a listaxe de acreditados, era moi difícil chegar a un acordo nese ámbito, polo que considera razoable que se chegase a acordo nestes criterios obxectivos.

Luis Castedo comparte unha serie de reflexións co Consello de Goberno. Para el, é dubidoso que non estea vixente o programa de promoción de cátedras do ano 2012. O artigo 5 deste programa resolve a prelación de candidatos cando estes son máis que as cátedras que se poden dotar. Por iso considera que se deberían seguir eses criterios. Solicita que se analice xuridicamente se isto é así, para garantir a seguridade xurídica. Aínda que recoñece que a situación actual é excepcional, non lle gusta que as cátedras se provexan por cuestións de antigüidade, pois considera que deberían promoverse os criterios académicos. Por último, considera que a antigüidade que se manexe debía ser no corpo que permite o acceso ao corpo de catedráticos (TU e CEU).

Ana Iglesias Galdo subliña o carácter excepcional da situación, que obedece a causas concretas, relativas ao uso desproporcionado das taxas de reposición no ámbito universitario. Só hai dúas cátedras, e a decisión de convocatoria foi debatida nos órganos máis especializados e representativos da casa. A profesora Iglesias considera que a Universidade debería manexar criterios institucionais, de equilibrio de áreas e saberes académicos, para alén dos criterios de antigüidade. En relación coa paridade, considera que non se debe dar por sentado que a igualdade de xénero xa se conseguise. Cómpre seguir loitando.

Moisés Canle suxire unha mellora de redacción para o parágrafo primeiro da proposta de acordo.



O reitor replica conxuntamente. Comeza lembrando que o programa de promoción de cátedras, coa oferta regrada de dúas cátedras anuais por rama de coñecemento, se asentaba sobre unha situación moi distinta da que se produce a partir do Real decreto-lei 14/2012 e a impugnación de prazas pola avogacía do Estado. A situación actual é ben outra. Só se poden sacar dúas cátedras, e hai moitas persoas á expectativa, comezando polas nove persoas acreditadas que quedaron pendentes no ano 2012, polo que a solución é sempre difícil e delicada. A idea de antigüidade na acreditación trata de responder a esta situación excepcional, conxugando as lexítimas expectativas profesionais coa valía académica, que xa foi valorada nas acreditacións correspondentes. A proposta vén avalada polo consenso da COAP e da mesa sindical. O reitor interpreta a antigüidade como antigüidade como profesor na UDC, non apenas nas dúas categorías previas a CU, porque a carreira docente pode ser moito máis diversa, e esa diversidade está presente na nosa historia como universidade.

O reitor lembra, ademais, que o que se aprobe está condicionado a que se aprobe a OEP 2013 solicitada á Xunta de Galicia, pois de non ser así, habería que volver a traer isto a Consello de Goberno para garantir que, en todo caso, se poidan prover as dúas prazas de TU sometidas a impugnación perante o Tribunal Supremo.

Nona Inés Vilariño anuncia a súa abstención, desde o máis fondo respecto ao que se debateu e acordaron os órganos de negociación, explicando que non considera que a antigüidade se poida utilizarse como criterio absoluto.

Luis Castedo insiste en que, ao seu entender, a antigüidade no corpo se debería referir ás prazas de TU e CEU, para evitar que a determinación da antigüidade entre nunha dinámica moi aberta á casuística.

Miguel Muñoz Cantero reitera tamén os argumentos expostos anteriormente, sobre todo a necesidade de garantir, de cara ao futuro, o equilibrio entre ámbitos científicos e mesmo entre áreas de coñecemento. O reitor lembra que os criterios académicos tamén son corresponsables dos desequilibrios entre áreas e ámbitos de coñecemento.

Sobre a dotación de prazas de CD, Luis Hervella intervén de novo para expor dúas dúbidas: interpretación da antigüidade para o caso dos acreditados a CD e TU (o reitor aclara que se consideran equivalentes). Tamén solicita aclarar que pasaría se a Xunta non autoriza a OEP 2013. O reitor replica que, se se dan esas circunstancias, habería que volver tratar o asunto no Consello de Goberno para tomar unha decisión.



Moisés Canle solicita tamén aclaración sobre a valoración similar entre axudantes doutores e Parga Pondal que rematan a súa etapa, pois considera que estes últimos non son a vía normal de desenvolvemento da carreira académica.

Sometida a cuestión a votación, o resultado é o seguinte.

Votos a favor 22

Votos en contra 2

Abstencións 11

Tras o debate anterior, apróbase a proposta e incorpóranse como **anexo VI**

7. Proposta de execución do programa de convocatorias de prazas de profesor/a axudante doutor/a no curso académico 2015/2016

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente lembra que o procedemento para a elaboración do POD 2015/2016, aprobado no Consello de Goberno do 29/01/2015, estableceu no seu punto 1 que se elaborará un programa para reducir, naquelas áreas con demanda docente, o número de profesorado contratado interino de substitución (CIS) e asociado, que conte cunha acreditación da ACSUG ou ANECA, e a súa transformación mediante concurso en profesorado axudante doutor.

A proposta regula o procedemento de execución deste programa. O reitor expón os criterios utilizados para o efecto.

Luis Hervella pregunta que pasa coas áreas de coñecemento que están divididas en dous departamentos diferentes. A outra dúbida é a contabilización do cociente entre necesidade e capacidade docente, cando hai carga docente dunha área asumida por outra. O reitor remite a cuestión ao vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente.

Sonia Souto comenta que a proposta se debateu na mesa sindical, da que forma parte, mais á que non puido acudir. No entanto, está de acordo co programa, destacando a sensibilidade con que se tratan as figuras que están a tempo parcial. Solicita aclaración sobre o punto 6 (amortización de 240 horas, cando un profesor a tempo parcial ten 180 horas de dedicación). O reitor aclara a cuestión.



Apróbase a proposta por asentimento dos membros do Consello de Goberno e incorpórase como **anexo VII**

8. Proposta de modificación parcial do Regulamento de prácticas académicas externas do estudiantado da UDC

A vicerreitora de Estudantes, Deportes e Cultura explica que, tras o pasado Consello de Goberno, en que se retirou o punto, tivo lugar unha reunión cos coordinadores de prácticas académicas dos distintos centros. Nesta reunión expuxéronse e aclaráronse as dúbidas existentes sobre o alcance da reforma (unha adaptación), de modo que procede someter agora a aprobación a adaptación do noso regulamento ao novo contexto legal regulador destes asuntos.

Nuria Varela solicita aclaración sobre como quedaría redactado o artigo 12. A vicerreitora contesta a solicitude de aclaración.

Apróbase a proposta por asentimento e incorpórase como **anexo VIII**

9. Quenda aberta de intervencións

Na quenda aberta de intervencións, prodúcense as seguintes:

Sonia Rodríguez Beltrán, no nome dos estudantes de ETSA, fai constar a súa desconformidade coa concesión do quinquenio ao profesor Xosé Manuel Vázquez Mosquera, e solicita explicacións, xa que houbo denuncias e queixas reiteradas polos estudantes. Pregúntalle ao reitor que pasou coa súa solicitude de poñer pasos de peóns na parada de autobuses, que lle formularon na súa visita ao centro do ano pasado. O secretario xeral explica, sobre a primeira cuestión, que a comisión de quinquenios ten como criterio solicitar que os informes desfavorables dos centros e departamentos sexan motivados, para evitar que se anulen na xurisdición contencioso-administrativa. A vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas comprométese a retomar a cuestión da prórroga do convenio co Concello para asfaltado das vías. Este ano hai un remanente para distintas actuacións na rede viaria, unha das cales será a mellora da seguridade dos peóns.

Luis Hervella pregunta sobre a tramitación da doazón do fondo bibliográfico de María Wonenburger. O secretario xeral contesta que se tratará no seguinte Consello de Goberno para a remitir ao Consello Social.



Nona Inés Vilariño pregunta se a CRUE ten previsto facer algún estudo sobre a duración dos graos. Pregunta tamén porque se vai facer máis caro o estudo dos mestrados cando se reduzan os graos a tres anos. O reitor contesta que está encargada unha monografía a un especialista internacional sobre a duración dos estudos universitarios desde unha perspectiva comparada.

Manuel Casteleiro pide que se poña un prazo ao comezo das obras no CITEEC. A vicerreitora di que o prazo de remate, desde o comezo das obras, é dun ano. A data de comezo depende da presentación do plan de obra, que a empresa adxudicataria deberá presentar ao longo da semana que vén.

Anxo Calvo pregunta sobre o rumor que hai sobre a posibilidade de que haxa só dúas universidades en Galicia, cousa que se alínea coas declaracións da Secretaria de Estado de Educación sobre a insostibilidade do sistema universitario. O reitor confirma que, efectivamente, corre ese rumor que, como todos, é interesado.

María Jesús Lorenzo Modia expresa a súa fonda preocupación pola supresión da oferta dos mestrados do seu centro, e solicita que se defenda en todos os foros esta oferta. O reitor replica que, en efecto, non se pode tolerar que se impida ofertar precisamente os títulos internacionais, que é a liña que todos os indicadores potencian. Intentarase aclarar se se debe a un erro ou a algo máis, pero, en todo caso, farase todo o posible para corrixir esta situación.

Tras as anteriores intervencións, o reitor remata a sesión ás 12:03 horas, do que eu, como secretario, do fe, co visto e praxe do presidente.

Visto e praxe

O secretario xeral

O presidente

Carlos Amoedo Souto

Xosé Luís Armesto Barbeito